

## **VI CONGRESO MEDIOS DE COMUNICACIÓN E IGUALDADE DE XÉNERO**

### **“Comunicar sobre violencia de xénero, unha necesidade para erradicala”**

#### **Asociación de Periodistas de Galicia (APG)**

#### **CONCLUSIÓNS:**

- Os medios de comunicación, os seus propietarios, os xornalistas e as industrias culturais, teñen unha enorme responsabilidade na comunicación da información sobre violencia machista e a desigualdade
- É necesario tomar conciencia sobre como, a través da comunicación, estamos transmitindo e perpetuando o machismo, e os principios e valores do patriarcado
- É posible cambiar as nosas formas de transmitir información e coñecemento, e de ofrecer entretemento, desde a ética do amor, a filosofía dos coidados, os valores da igualdade e os dereitos humanos (o xornalismo pode salvar vidas)
- Nunha época moi complicada no eido informativo (con unha constante difusión de bulos, fake news... a través das redes sociais e da internet), temos por diante un reto moi complexo
- A violencia machista é unha lacra social con maiúsculas e sen ambaxes, e por iso debe ser comunicada con rigor, non ser xustificada baixo ningún concepto e debe ser denunciada
- É preciso repensar o papel dos medios de comunicación como lugares de información, pero tamén como elementos de concienciación e sensibilización sobre a igualdade de xénero e, polo tanto, sobre a violencia machista
- Foros de discusión coma este Congreso son moi importantes para observar os logros acadados e reflexionar sobre como o xornalismo debe alzar a voz con información veraz, responsable e feminista (o feminismo levaranos a sociedades máis democráticas, solidarias, xustas e igualitarias)
- Congresos como este serven para saber se os asasinatos de mulleres a mans de homes están tratados de forma correcta e proporcionada á súa gravidade nos medios de comunicación, para facer visibles os problemas, pero tamén ofrecen ferramentas para poder afrontalos
- Debemos exercer o xornalismo de maneira responsable, incorporando a perspectiva de xénero en tódolos titulares, textos, guións de televisión e radio, planos dos vídeos, fotografías...

- Os medios de comunicación, os xornalistas e comunicadores, teñen un poder enorme para deixar unha pegada positiva na sociedade no referente á igualdade de xénero e á violencia machista
- A forma de narrar e analizar as traxedias da violencia de xénero ten un gran impacto en como as percibe e comprende a sociedade, o que posteriormente inflúe directamente en como responde a elas
- Os medios non só son un espello da sociedade, tamén a moldean e poden ser ferramentas poderosas para erradicar prexuízos, xerar conciencia e promover o cambio social, así como loitar contra a perpetuación de estereotipos ou o acubillo do silencio cómplice
- O xornalismo mudou ao longo do século XX, por mor dos movementos feministas que esixiron un tratamento máis crítico da violencia ás mulleres e que se fixera visíbel como un problema estrutural, non como incidentes illados
- As Facultades e profesores de Xornalismo teñen unha gran responsabilidade porque deles depende a formación da nova xeración de comunicadoras e comunicadores que, ademais de ser competentes técnicamente, deben comprometerse tamén desde o punto de vista ético
- Os medios de comunicación conciencian, sensibilizan e preveñen sobre violencia de xénero o dobre que as redes sociais, que son máis sensacionalistas (as noticias conciencian máis que a conversa social)
- Os medios de comunicación e a súa repercusión nas redes sociais teñen a capacidade de reproducir nesgos, agrandando o problema, ou xerar unha concienciación para o progreso social; e a loita contra a violencia de xénero é un progreso social.
- Segundo o informe *Desenfocadas: cómo opinar e informar mejor sobre la violencia de género*, da consultora Llorente y Cuenca, o 20% das noticias publicadas xustifican as agresións e, unha de cada seis, vulnera a intimidade das vítimas, expoñendo datos persoais delas que estas preferirían evitar (sábese moito delas, e pouco do agresor)
- Dacordo con ese mesmo informe, hai un 75% máis de mencións aos atributos das vítimas, que dos agresores. “O negacionismo retroaliméntase, de tal xeito que unha insinuación nos medios multiplícase por catro na conversa social”
- O informe *Desenfocadas* inclúe recomendacións para os medios e xornalistas: coidar a linguaxe empregada, pero publicando feitos verificados; anular mencións ás adicións/saúde mental do agresor; difundir que este é un problema de todos; omitir elementos que desculpen ao agresor; evitar presentar os casos como illados ou foito do azar; protexer a intimidade dos nenos; contextualizar sen atacar á intimidade; evitar mencións socioeconómicas raciais ou étnicas; evitar descripcións do estado mental da vítima; incluír diversidade de voces nas noticias (expertos e testemuñas mulleres e homes); omitir elementos que desculpen ao agresor; ou reforzar as graves consecuencias penais e sociais das agresións.

- Chear titulares nos medios sobre violencia de xénero serve de pouco, porque os sistemas de protección das vítimas (VioGén) non están a funcionar. As mulleres seguen a ser asasinadas, malia que existen dous Ministerios do Goberno sobre a materia (Igualdade e Interior)
- Os medios de comunicación deben exercer presión para facer que eses sistemas de protección das vítimas melloren e evitar o despilfarro de fondos públicos en cuestións relacionadas a priori co feminismo, pero que non están surtindo efecto
- Á hora de comunicar sobre violencia de xénero son fundamentais as palabras que empregamos, a quen se lle dá a palabra e a quen lle damos voz
- Hai que modificar determinados enfoques da información relacionada coa violencia de xénero: moitas veces se culpabiliza ás mulleres pola súa conduta previa ou se fala dos motivos da agresión ou do asasinato (ninguén se pregunta como se sentía un xihadista antes de cometer un atentado)
- Moitas veces, o punto de orixe desas informacións, que callou na sociedade mesmo entre as mulleres (mulleres misóxinas ou que se sinten culpables das propias agresións que sofren), é que as mulleres son malvadas e perversas por natureza
- Estamos a normalizar termos disfrazados nun halo de modernidade que o que están a facer é maquillar e mesmo dar forma romántica ás agresións ás mulleres (“crime pasional”, “mullera topada morta”, “altercado doméstico”, “parella tóxica”...)
- Outro perigo é a perpetuación do “mito do monstro”: trasládase a imaxe de que só eses monstros agreden e asasinan ás mulleres, co que se envolve a violencia machista nunha aura de excepcionalidade, sen amosar que se trata dun problema estrutural e transversal da sociedade
- Nos medios de comunicación, pero tamén no resto da sociedade, urxe chamar ás cousas polo seu nome (“agresor machista”, “violencia sexual”, “acoso sexista”...) e facer unha reflexión sobre as testemuñas que se recollen, a súa verdadeira pertinencia e as mensaxes que con elas se trasladan
- Os medios de comunicación (en especial os medios públicos) deben facer un esforzo para divulgar os medios de protección que existen para as mulleres vítimas e os recursos para o tratamento/terapia de homes que exercen violencia nas súas relacións
- Hai que vixiar tamén os espazos que ocupan nos medios de comunicación as noticias sobre casos de violencia de xénero, fronte a outras informacións, xa que as veces aminoran tamén a gravidade das agresións ou os crimes
- É necesario facer, tamén entre as mulleres, un traballo constante de autocrítica para saber como aprendimos a ser machistas e corrixir eses nesgos individuais

- As creadoras de contidos que foron vítimas de caso de acoso ou de violencia a través das redes sociais, sofren consecuencias psicolóxicas e económicas: as marcas non queren relacionarse coas protagonistas de polémicas (arrebatarlles a súa independencia económica é unha das peores formas de acoso ás mulleres)
- Denunciar a violencia ou o acoso sufridos a través das redes sociais pode conlevar unha desprotección da vítima, por tres causas fundamentais: o descoñecemento tecnolóxico dos protectores (por exemplo, dos xuíces); a misoxinia do sistema xudicial español; e a inacción de familiares, parellas ou achegados, que non queren saír a denunciar os casos
- É necesaria unha maior intervención do sistema para asegurar que se cumpren as leis que xa existen (non é preciso crear novas leis) e as propias normas de cada rede social
- Fronte ao feminismo, que procede da Ilustración e é absolutamente lóxico, o patriarcado é puramente pasional e vai directamente á parte emocional, aínda que se basea en argumentos absurdos
- A Xustiza debería tomar medidas contra as comunidades misóxinas de homes que xurdiron nas redes sociais en varios países (EEUU, Reino Unido ou Canadá, agora tamén, España), porque están atraendo a novos seguidores mediante outros contidos (por exemplo, políticos ou económicos) pero que interiorizan as mensaxes misóxinas
- Na actualidade ten cobrado forza o negacionismo machista e a situación é francamente preocupante entre a mocidade, a tenor dos datos que arrojan e as conclusións que se tiran das enquisas realizadas a nenos ou adolescentes
- A formación sobre feminismo e sobre xénero nos medios de comunicación, nas Facultades e nas escolas e institutos, implicando tamén aos homes, é fundamental para avanzar cara unha igualdade de dereitos e unha igualdade informativa plenas